



***Convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e Brainport Development N.V., para a realización de estadias formativas e prácticas para estudantes e persoas tituladas de formación profesional superior en empresas da rexión Brainport Eindhoven en Países Baixos***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O *Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional* da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

**DECLARA:**

Que con data de 8 de setembro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou con Brainport Development N.V. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 8/09/2021 ata o 7/09/2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer a colaboración no campo da formación profesional de grao superior entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e Brainport Development N.V. para ofrecer prácticas de calidade e axustadas ao seu perfil a estudantes e persoas tituladas de formación profesional superior da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente no campo tecnolóxico e das TIC, en empresas da rexión Brainport Eindhoven de Países Baixos.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras funcións en materia educativa, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades e a coordinación do sistema universitario.
2. Que a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39.2 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida. Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que todos os ciclos formativos incluirán unha fase



práctica dual de formación nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos quen acredite unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.

3. Que Brainport Development N.V. é unha axencia de desenvolvemento económico, que traballa con representantes da industria, con centros educativos, e coa Administración para fortalecer a rexión tecnolóxica de Brainport Eindhoven, en Países Baixos. Brainport é un pilar importante da economía neerlandesa na que se incide especialmente nos sistemas e materiais de alta tecnoloxía, alimentación, automoción e deseño. Brainport Development N.V. fomenta e desenvolve proxectos e programas rexionais, nacionais e internacionais, promociona Brainport dentro e fóra do país, e favorece a industria rexional mediante asesoramento á empresa, institucións educativas e administracións públicas.

4. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Brainport Development N.V. teñen, nos seus respectivos países, unha sólida rede de Centros de Formación Profesional e empresas colaboradoras que están involucradas na promoción e a xestión de prácticas internacionais en centros e empresas pertencentes ás súas redes.

5. Que ambas as partes teñen acreditada experiencia na organización de prácticas internacionais en empresas para estudantes e persoas tituladas e coinciden no seu desexo de establecer unha cooperación en beneficio dos centros de formación profesional de Galicia, en particular para o envío/recepción de estudantes e persoas tituladas para a realización de prácticas e estancias formativas en empresas e institucións. Ademais, ambas as partes tamén cooperarán para facilitar posibles prácticas para o profesorado de formación profesional.

6. Que Erasmus+ é un programa europeo nos ámbitos da educación, a formación, a mocidade e o deporte para o período 2021-2023 que trata de impulsar as perspectivas laborais e o desenvolvemento persoal, ademais de axudar aos nosos sistemas de educación, formación e mocidade a proporcionar un ensino e unha aprendizaxe que doten ás persoas das capacidades necesarias para o mercado laboral e a sociedade actual e futura. Por tanto, Erasmus+ será a ferramenta que permitirá que estes estudantes, persoas tituladas e profesorado realicen estas prácticas/estancias formativas a través dunha bolsa.

7. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como responsable da planificación da formación do profesorado, convoca anualmente estadias formativas en empresas ou institucións. Esta modalidade de formación desenvólvese nos centros de traballo de distintas empresas para potenciar o coñecemento directo dos procesos produtivos que se desenvolven nelas e formar ao profesorado mediante o seu achegamento ao mundo produtivo e aos seus avances tecnolóxicos.

8. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e Brainport Development N.V. asinaron no ano 2016 un Convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas para estudantes, persoas tituladas de formación profesional superior en empresas da rexión Brainport Eindhoven en Países Baixos, e están de acordo en continuar coa colaboración establecida e desexan fomentar as relacións, no ámbito da formación profesional superior entre Galicia e a rexión de Brainport Eindhoven de Países Baixos e están dispostas a colaborar nas diferentes actuacións, previstas neste convenio, co obxectivo principal de adecuar a formación ás necesidades do sector industrial, promover a inserción laboral do alumnado e impulsar a formación profesional que se imparte en Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

José Luis Mira Lema  
Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

